

O MEU DIARIO

Como estamos nun momento no que non nos podemos ver, compartir os espazos do cole, realizar as tarefas escolares uns ao lado dos outros/as nin desfrutar xuntos/as dos tempos de lecer, gustaríame saber como vos sentides cada día nas vosas casas. Por iso, vouvos suxerir unha idea... Esta é escribir un diario persoal no que nos vaiades contando, ou mesmo debuxando, as rutinas diarias que estamos a desenvolver na casa, así como as novas máis importantes para nós que queirades transmitir, as dificultades e satisfaccións persoais ou escolares coas que vos atopades, historias, anécdotas, contos, refráns, adiviñas... Tooodo o que vos aconteza e queirades compartir , poñédeo **AQUIÍ...!!!!**

INSTRUCCIÓNS

Material que precisades:

- Un caderno
- Lapis ou bolígrafo para escribir e debuxar segundo os casos.
- Goma de borrar
- Cores
- ...

ORGANIZACIÓN

Esta tarefa está pensada para que poidades participar os alumnos/as de todos os cursos, cada un ao seu nivel:

- Os máis pequechos (EI) con debuxos , algunha icona...
- Os de 1º e 2º de Primaria con debuxos e algún texto escrito curto.
- O resto dos cursos de EP xa o desenvolverán con texto escrito, aínda que tamén poden ilustralo se o desexan.

PAUTAS PARA ESCRIBIR O DIARIO

- 1) Comezades poñendo a data completa na parte superior dereita (día da semana, mes e ano no que estamos).
- 2) Deixades un espazo entre a data e o que vaiamos debuxar ou escribir (según os casos).
- 3) Repartides a xornada , mañá/tarde-noite.
- 4) Escribides e/ou debuxades as rutinas (levantarse, asearse, almorzar, tarefas escolares e de axuda na casa, xantar, merendar, tempos de lecer e actividades que se realizan nel, así como aqueles feitos acontecidos no día máis significativos e destacados para vós.

Podedes escribir no diario, por partes do día ou ao rematalo, pero deberás visitalo
TOODOS OS DÍAS...!!!!

Para axudarvos un pouco, aquí vos deixo unhas ideas, pero tedes liberdade para desenvolverlo do xeito que prefirades.

→ DATA :

Luns, 18 maio de 2020

→ PELA MAÑÁ :

Bos días !!

- Floxe esquinme ás . . .
- Primeiro ventilei a habitación e a cama. Mentras tanto fun ao baño a . . . , . . . , . . .
- Deseguido fun a almorzar . . .
- Logo, fun lavar os dentes, fixen a cama e cerreei a ventana.
- Ao chegar a (sala, habitación, outros . . .) revisei o horario que me marcou a/o profe, fixeime nas tarefas que tiña que facer para hoxe e . . .

DESCANSO : (Explica un pouco o que fixeches nese tempo) :

- Por último, como aínda non rematara a tarefa senteime outro pouco antes de xantar . . .

XANTAR :

- Normalmente xanto ás . . . horas
- Logo . . .
- Máis tarde . . .

NOITE :

- Ceo ás . . . horas
- Logo estou un pouco coa miña familia . . .
- Ás . . . horas vou para a cama. Leo un pouco.
- E finalmente, cóntoche algún que outro segredoño diario e despídome de ti : "ATA MAÑÁ!!"